

INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE CONVOCAN, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO, PRBAS DE ACCESO AOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO PARA O CURSO 2020-21.

A Orde do 25 de xuño de 2007, pola que se regulan o acceso e admisión ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño (DOG do 11 de xullo), modificada pola Orde do 15 de marzo de 2013 (DOG do 25 de marzo) establece no seu artigo 2º que a consellería competente en materia de educación convocará, cando menos unha vez ao ano, as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para aqueles aspirantes que non reúnan os requisitos para o acceso directo ás mesmas.

Na Resolución do 9 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, dítanse instrucións para o acceso e a admisión do alumnado ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o curso 2020-21.

Unha vez rematado o prazo ordinario de matrícula para as persoas aspirantes que superaron o proceso de acceso e admisión ás ensinanzas profesionais de Artes plásticas e deseño para o vindeiro ano académico 2020-21, constátase a existencia de prazas vacantes para cursar os ciclos formativos de grao superior de *Dourado, prateado e policromía; Ebanistería artística; Gráfica publicitaria; Fotografía; Proxectos e dirección de obras de decoración; Estilismo da indumentaria, e Ensinanzas modulares de Taller de Dourado e prateado, Taller de cerámica e de Taller de Talla en Madeira* nas Escolas de Arte e Superiores de Deseño e nos Centros Autorizados de Artes Plásticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tendo en conta o exposto, compre establecer un novo proceso de acceso e admisión a estas ensinanzas e para estes centros, polo que esta Dirección Xeral **RESOLVE** autorizar a realización de probas específicas de acceso aos ciclos formativos de grao superior en convocatoria extraordinaria, a realizar na primeira e segunda semanas do mes de setembro de 2020.

As ditas probas realizaranse de acordo co establecido na Resolución do 9 de xuño de 2020, citada, e serán administradas, avaliadas e cualificadas polo tribunal e segundo o calendario que se indican no anexo a esta instrución.

Santiago de Compostela, agosto 2020.

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Manuel Corredoira López

DIRECTORA E DIRECTORES DAS ESCOLAS DE ARTE E SUPERIORES DE DESEÑO DE GALICIA.



ANEXO

Calendario:

Inscripción para as probas:

A inscrición para a realización das probas de acceso realizarase nas secretarías das seguintes EASD:

- **Antonio Faílde** de Ourense, para o ciclo formativo de grao superior de Artes plásticas e deseño en *Ebanistería artística e Fotografía*.

- **Mestre Mateo** de Santiago de Compostela, para os ciclos formativos de grao superior de Artes plásticas e deseño en *Gráfica publicitaria; Proxectos e dirección de obras de decoración, Estilismo da indumentaria e na Ensinanza modular de Taller de dourado e prateado*.

- **Pablo Picasso** da Coruña, para os ciclos formativos de grao superior de Artes plásticas e deseño en *Fotografía; Dourado, prateado e policromía e na Ensinanza modular de Taller de talla en madeira e Taller de cerámica*.

- **Ramón Falcón** de Lugo, para o ciclo formativo de grao superior de Artes plásticas e deseño en *Fotografía*.

Prazo de inscrición:

Dende o día da recepción desta instrución ata o día 7 de setembro de 2020.

Día 9 de setembro de 2020.: Publicación de persoas inscritas, nas páxinas Web das EASD de Galicia e no Portal educativo da Consellería de Educación, Universidade e FP.

Realización da proba específica:

Día 10 de setembro de 2020 na Escola de Arte e Superior de Deseño elixida en primeira opción, e segundo o seguinte horario:

Primeiro exercicio: das 10.00 ás 11.00 horas.

Segundo exercicio: das 12.00 ás 14.00 horas.

Terceiro exercicio: das 17.00 ás 19.00 horas.

Cada EASD organizará a distribución horaria e de espazos de ocupación dos tribunais que actúe nelas.

Día 11 de setembro: Publicación de cualificacións provisionais nas páxinas web das EASD de Galicia e no Portal da Consellería de Educación, Universidade e FP.

Día 14 de setembro de 2020: Publicación das cualificacións definitivas.

Día 15 de setembro de 2020: Asignación de prazas nas páxinas web das EASD de Galicia e no portal da Consellería de de Educación, Universidade e FP.

Días 17 e 18 de setembro de 2020: Matrícula.



Tribunais:

Os tribunais encargados da organización, realización e cualificación das probas específicas de acceso aos ciclos formativos de grao superior de artes plásticas e deseño, que actuarán nas EASD:

EASD Antonio Failde, Ourense. Para o ciclo formativo de grao superior de Artes plásticas e deseño en *Ebanistería artística e Fotografía*.

| Titulares: | | Suplentes: | |
|------------|-------------------------------------|------------|-----------------------------------|
| Presidente | Armando García Ferreiro | Presidente | Antonio Andrés Ferreiro Rodríguez |
| Vogal 1° | José Luis Carreira Varela | Vogal 1° | Miguel Ángel Mantilla González |
| Vogal 2° | Ofelia Cardo Cañizares | Vogal 2° | Javier Fernández Alonso |
| Vogal 3° | María del Carmen Fernández González | Vogal 3° | Juan Manuel Seoane Ventín |
| Vogal 4° | Jacobo Fernández Serrano | Vogal 4° | Cesar Carlos Taboada Varela |

EASD Mestre Mateo, Santiago de Compostela. Para os ciclos formativos de grao superior de Artes plásticas e deseño en *Gráfica publicitaria; Proxectos e dirección de obras de decoración, Estilismo da indumentaria e na Ensinanza modular de Taller de dourado e prateado*.

| Titulares: | | Suplentes: | |
|------------|---------------------------------|------------|-----------------------------|
| Presidente | Santiago Meis Casalderrei | Presidente | Andrés Etxeita Costales |
| Vogal 1° | Juan Carlos Villaverde Troncoso | Vogal 1° | Juan Marcos Adrio Fondevila |
| Vogal 2° | Antón García Freire | Vogal 2° | Nelly Rial Verde |
| Vogal 3° | Fernando Vaquero Farto | Vogal 3° | Mercedes Vega Cerqueiro |
| Vogal 4° | Rosa Figueroa Ínsua | Vogal 4° | Raquel Anta Barragán |

EASD Pablo Picasso, A Coruña. Para os ciclos formativos de grao superior de artes plásticas e deseño en *Fotografía; Dourado, prateado e policromía e na Ensinanza modular de Taller de talla en madeira e Taller de cerámica*.

| Titulares: | | Suplentes: | |
|------------|---|------------|-----------------------------|
| Presidente | Jesús Miguel Alonso Oural | Presidenta | Marta María Cousiño Gómez |
| Vogal 1° | Mario Emilio García Herradón | Vogal 1° | Manuel Otero Parra |
| Vogal 2° | M ^a Concepción Salgado Fernández | Vogal 2° | Gonzalo Varela Díaz |
| Vogal 3° | Talía Fernández Fernández | Vogal 3° | Santiago Castro Gil |
| Vogal 4° | Carlos Isla Fernández | Vogal 4° | Marta María Fernández Núñez |





EASD Ramón Falcón, Lugo. Para o ciclo formativo de grao superior de artes plásticas e deseño en *Fotografía*.

| Titulares: | | Suplentes: | |
|------------|----------------------------|------------|------------------------------|
| Presidente | Francisco Fernández Ares | Presidente | Alejandro Carro Rodríguez |
| Vogal 1º | Carmen Fernández Rodríguez | Vogal 1º | Isabel Somoza García |
| Vogal 2º | Ana Luisa Castro Dapena | Vogal 2º | Gloria María Rodríguez Simón |
| Vogal 3º | Elena Sánchez Pendás | Vogal 3º | Alfredo Yañez Rebolo |
| Vogal 4º | Xosé Fontal Álvarez | Vogal 4º | Belén Carracedo González |

